

Proposta de nome para o proxecto	“A nosa tamén conta” Oficina de Atención ao Consumidor en Lingua
Proposta presentada na xuntanza do	30/5/12
Datos da persoa que fai a proposta	David Cobas Medín
Breve descrición	<p>Esta proposta ten como finalidade transformar a reivindicación individual de querer vivir en galego nunha reivindicación colectiva. Partindo de diferentes experiencias persoais cotiás, onde as persoas se ven obrigadas (ou case) a empregar o castelán, como por exemplo, ante a sinatura dun contrato bancario ou dun documento notarial, facer que a reivindicación individual da persoa á que lle gustaría realizar esta actividade en galego, se converta nunha reivindicación colectiva. Para iso, cómpre un gran acordo entre as asociacións que defenden a lingua galega. Trataríase de crear unha comisión conformada por persoas que proveñan de diferentes asociacións prolingua, que se encargase de elevar peticións de atención en galego para as empresas que non ofrezan esa posibilidade. Tamén se encargarían de estudar todos os casos que cheguen á Oficina de Atención ao Consumidor en Lingua, e decidir que medidas se deben adoptar en cada un deles: cartas colectivas, envíos de correos electrónicos, reunión en persoa, asesoramento puntual, etc.</p>
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> -Crear unha demanda da lingua galega na sociedade, facendo que moitas reivindicacións individuais (que moitas veces non se chegan a producir) se convertan en colectivas. -Asesorar a organismos, empresas, etc. para que traten de garantir o dereito dos seus clientes, usuarios, etc., a ser atendidos en galego. -Abrir vías para as persoas que desexen desenvolver a súa vida completamente en galego poidan facelo.
Explicación da acción	<p>A acción consiste en que o maior número de asociacións que teñan entre os seus obxectivos a defensa da lingua galega alcanzasen un acordo de colaboración para crear unha comisión que derivaría nunha Oficina de Atención ao Consumidor en Lingua, destinado a atender as demandas da cidadanía en canto ao uso da lingua galega.</p> <p>Cada unha destas asociacións terían un espazo nas súas páxinas web para atender estas demandas. Sería un espazo recoñecible en todas as páxinas web.</p> <p>Tamén se poderían adherir a esta campaña algunhas institucións, organismos, outro tipo de asociacións, etc., co fin de reforzar a idea de que é unha iniciativa que parte dunha demanda da sociedade civil.</p>

	A diferenza con outras accións deste tipo (Ciberirmandades, A liña do galego) é que aquí a demanda faríase dende o ámbito do privado (nun principio) e que só afectaría os dereitos lingüísticos dos consumidores/as.
A quen vai dirixida a acción?	<ul style="list-style-type: none"> – Cidadanía en xeral – Asociacións que defenden o uso da lingua galega – Empresas, organismos, etc.
Quen se propón que a promova?	Asociacións en defensa da lingua: Agal, CTNL, A Mesa, Prolingua...
Necesidades materiais	<ul style="list-style-type: none"> – Un lugar de reunión para a comisión – Espazos web – Modelos de documentos: cartas, etc.
Necesidades humanas	<p>Compromiso das directivas das asociacións.</p> <p>Un ou varios coordinadores do proxecto.</p>
Proposta de xestión do proxecto	<ul style="list-style-type: none"> – Reunións entre as distintas asociacións prolingua e unha persoa coordinadora do proxecto.
Prazos previstos	–
Outras observacións	“A nosa tamén conta” é un lema non definitivo. Un lema deste tipo integraríase dentro de todas as comunicacións que viñese realizando a Oficina de Atención ao Consumidor en Lingua. Sería a marca distintiva da demanda colectiva.